

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 15 DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día 15 de xullo de dous mil dezaseis, reúnen os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Darío A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse o seguinte

**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de data 01-07-2016.**

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafada, non producíndose ningunha a acta é aprobada por unanimidade.

**2.-Licenzas de obras maiores.**

**2.1.-Solicitud de don Manuel Portela Castro, en representación de Avícola don Juan S.C., para "nave avícola de ponedoras" en Souto-Láncara.**

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal no expediente de autorización das obras de construción dunha **AMPLIACIÓN DE NAVE AVÍCOLA PARA PONEDORAS**, no lugar de: Souto nº 20, Parroquia de Lama, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola: Dñ. JOSÉ ANTONIO LÓPEZ SIERRA, colexiado nº 539 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove: AVÍCOLA DON JUAN S.C., con N.I.F.: J-27362250, coa finalidade de obter as oportunas licencias urbanísticas.

A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro no polígono: 10, parcela: 818, do Concello de Láncara, segundo o cal posúe unha superficie total de: 23.388,00 m<sup>2</sup>.

Construción dunha AMPLIACIÓN DE NAVE AVÍCOLA con unha superficie es de 150m x 14 m sendo un total: 412,55 m<sup>2</sup>.

E un presuposto de execución material de: 371.241,14 €.

A explotación actual conta con un censo medio de 26.000 prazas.

A explotación cas novas instalacións albergará un censo máximo de 37.754 prazas de galiñas poñedoras.

Non supera o 50%, de aumento de capacidade da explotación, polo que non é preciso avaliación Ambiental.

Lindeiros:

Norte: Camiño público 9108 del polígono 10

Sur: Camiño público 9107 del polígono 10

Este: Camiño público 9107 del polígono 10

Oeste: Parcela 817 del polígono 10

Que a finca sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como **SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA**, recollido na Ley 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

Visto o disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Solicitar á Xefatura territorial da Consellería de Medio Rural o informe sectorial que indique a categoría de solo rústico das parcelas do catastro de rústica deste Concello antes citadas ós efectos previstos no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febrero, do solo de Galicia, en relación ás obras promovidas por don Manuel Portela Castro, en representación de Avícola don Juan S.C., para "Nave avícola de ponedoras" en Souto-Láncara.

### **.2.2.-Solicitud de don José Antonio Castro López, en representación de Sat o Palomar, para "ampliación de establo de vacuno" en Ronfe-Láncara.**

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal no expediente de autorización das obras de construción dunha **AMPLIACIÓN DE ESTABLO DE VACUNO**, no lugar de: Ronfe, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeneiro Técnico Agrícola: D. JOSÉ ANTONIO LÓPEZ SIERRA, colexiado nº 539 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove: SAT O PALOMAR XUGA nº1250, con C.I.F.: F-27303726, coa finalidade de obter as oportunas licencias urbanísticas.

A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro no polígono: 004, parcelas: 550, 541, 1438, 542, 549, 543, 548, 544, 1512, do Concello de Láncara, aínda que o promotor comprometese a agregalas nunha sola, segundo o cal posúe unha superficie total de: 85.811,00 m<sup>2</sup>.

Construción dunha **AMPLIACIÓN DE ESTABLO DE VACUNO** con unha superficie es de 28,37m x 19,11m sendo un total: 542,15 m<sup>2</sup>.

Construción dunha **Balsa de Purines** con unha superficie de: 35 m x 11,5 m sendo un total: 402,50 m<sup>2</sup>.

Construción de Silos con unha superficie de: 30 m x 16 m sendo un total: 480 m<sup>2</sup>.

E un presuposto de execución material de: 145.218,42 €.

A explotación actual conta con 60 animais adultos con licenza anterior o ano 2003, no 2010 concedéuselle licenza para ampliación do establo, fábrica de piensos, silos forraxeiros, aumentando as prazas en 80, das cales 48 son para animais adultos e 32 para novillas, en total: 127,2 UGM.

No proxecto a tratar ampliase o establo pra 40 prazas de novillas polo que o aumento será de: 24 UGM.

Non supera o 50%, de aumento de capacidade da explotación, polo que non é preciso avaliación Ambiental.

Lindeiros:

Norte: Parcela 1116 y 1117 del polígono 19

Sur: Camiño público

Este: Parcela 1117 del polígono 19

Oeste: Camiño público

Que a finca sobre a cal se pretende intervir atópase e terreos clasificados como **SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA**,

Visto o disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Solicitar á Xefatura territorial da Consellería de Medio Rural o informe sectorial que indique a categoría de solo rústico das parcelas do catastro de rústica deste Concello antes citadas ós efectos previstos no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febrero, do solo de Galicia, en relación ás obras promovidas por don José Antonio Castro López, en representación de SAT o Palomar, para "Ampliación de establo de vacuno" en Ronfe-Láncara.

**2.3.-Solicitud de Victor Manuel Díaz García, en representación de Ganadería Victor Toubille S.C., para "Construción de fosa de almacenamiento de purines", en Toubille**

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal no expediente de autorización das obras de construción dunha FOSA DE ALMACENAMENTO DE PURINES, no lugar de Toubille, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola: Dñ. JOSÉ ANTONIO LÓPEZ SIERRA, colexiado nº 539 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove D. Victor Toubille S.C., con N.I.F.: J-27478858, coa finalidade de obter as oportunas licenzas urbanísticas.

As fincas sobre a cal se pretende intervir están rexistradas na Dirección Xeral do Catastro no polígono: 10, parcela: 575, situada no Concello de Láncara, según o cal posúe unha superficie total de: 11.850 m<sup>2</sup>.

Construción dunha FOSA DE ALMACENAMENTO DE PURINES, (25,60m x 12,60): 322,56 m<sup>2</sup>

E un presuposto de execución material de: 51.190,64 €.

CONDICIÓN DAS CONSTRUCIONS:

A finca sobre a cal se pretende intervir atópase e terreos clasificados como SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA,

Visto o disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Solicitar á Xefatura territorial da Consellería de Medio Rural o informe sectorial que indique a categoría de solo rústico das parcelas do catastro de rústica deste Concello antes citadas ós efectos previstos no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febrero, do solo de Galicia, en relación ás obras promovidas por don Victor Manuel Díaz García, en representación de Ganadería Victor Toubille S.C., para "Construción de fosa de almacenamiento de purines", en Toubille.

**3.-Aprobación de expediente de contratación; Servizo de Axuda no Fogar.**

Visto que o día 14 de xullo o *alcalde* detectou a necesidade de contratar o servizo de axuda no fogar, debido á necesidade de utilizar as 100 horas outorgadas pola Consellería de Política Social, e como unha fórmula válida a de externalizar mediante un contrato de servizos unicamente aquelas horas necesarias para a prestación do servizos que teñan as seguintes notas características:

- Horas en domingos e festivos

- Horas a prestar os días de permiso das auxiliares persoal laboral do Concello
- Horas a cubrir nos días de permiso por vacacións anuais retibuídas das auxiliares de axuda no fogar persoal laboral do Concello

Visto que, dada a característica do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que o día 14 de xullo foi emitido un informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que o día 14 de xullo Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que se aprobou, por resolución da Alcaldía do 14 de xullo, iniciar o expediente para a devandita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que o día 15 de xullo foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Que se aprobe o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de axuda no fogar.

Segundo.- Que se autorice, pola contía de 21.222,00 euros e 925,92 euros de IVE, o gasto que para este concello representa a contratación do servizo de axuda no fogar por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 231.227 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2016.

Terceiro.- Que se aproben os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato do servizo de axuda no fogar por procedemento negociado sen publicidade.

Cuarto.- Que se soliciten ofertas ás seguintes empresas: Servital, SL, Asistencia Castroverde, SL, Complexo terapéutico xerontoloxico A Veiga, Benestar Lugo, SL, e Tecum I Contigo.

#### **4.- Escritos varios.**

**4.1.- O de don José Manuel Díaz López**, solicitando a alta de auga, para a vivenda sita en Souto nº 3, parroquia de Souto.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a alta na rede xeral do abastecemento de auga a don José Manuel Díaz López dando de alta no abastecemento de auga, con efectos de 1 de xullo de 2016 pola vivenda situada en Souto, nº 3, pq. de Souto.

Segundo.- Comunicarlló ó encargado do servizo de augas D. Luis Varela Fernández, para que realice o entronque.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó funcionario D. Gerardo Sobrado Ventosinos, para que proceda a dar de alta no padrón de abastecemento de auga a don don José Manuel Díaz López dando de alta no abastecemento de auga, con efectos de 1 de xullo de 2016 pola vivenda situada en Souto, nº 3, pq. de Souto.

Cuarto.- Practicar a liquidación da taxa por entronque á rede de abastecemento domiciliario de auga potable por importe de 90,15 euros.

**4.2.- O de dona Noelia Rodríguez Conde**, no que expón que é propietaria dun baixo situado na rúa Rosalía de Castro, nº 3 e que o dito baixo está sen actividade comercial e polo tanto non xenera lixo algún, polo que solicita a baixa da recollida de lixo do citado inmovible.

Considerando que o servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos (recollida de lixo) é un servizo de recepción obrigatoria e o feito impoñible do tributo está constituído pola prestación do servizo por parte da entidade local non pola xeneración de lixo por parte dos suxeitos pasivos

Considerando que a interesada non aporta baixa catastral do citado inmovible nin baixa no servizo de subministración de enerxía eléctrica.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Desestimar a solicitude de baixa no padrón de recollida do lixo formulada por dona Noelia Rodríguez Conde, polo baixo comercial situado na Rúa Rosalía de Castro, nº 3 de A Pobra de San Xiao, por ser un servizo de recepción obrigatoria.

**4.3.- O da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, logo da

solicitud formulada polo presidente do Club Special Olympics Galicia, solicitando autorización para a I Marcha Ciclista Unificada Galicia Special Olympics, o día 20 de agosto, percorrido por A Pobra de San Xiao.

Logo de ver a documentación aportada, percorrido e plano

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a realización de dito evento ao abeiro de canto se dispón nos artigos 64 e 75 b) do Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de policía de espectáculos e actividades recreativas e normativa de aplicación en materia de Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

Segundo.- dar traslado deste acordo á Xefatura territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**4.4.- O da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria**, expte. nº: TR351B 2014/29-2, Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local 2014, devolución de 303,73 € importe non xustificado.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación e pagar o importe non xustificado no expte. TR351B 2014/292 por importe de 303,73 euros.

Segundo.- Remitir copia compulsada do xustificante bancario ó Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

**5º.-Proposta de adxudicación Plan Marco. Proposta de requirimento de documentación ó licitador que presentou a oferta máis vantaxosa no expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade das obras "Mellora e acondicionamento de camiños de acceso a fincas en A Reboleira, Monseiro, Oleiros e Lama, Quintela e Vilaleo"**, de acordo coa axuda concedida mediante resolución de AGADER de 2 de xuño de 2016 dentro do Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016.

No expediente de referencia incoado mediante a Resolución notificada o día 4 de febreiro de 2016, e o decreto de 3 de marzo de 2016 polo que se resolve incluír no citado Plan o investimento **“Mellora e acondicionamento de camiños de acceso a fincas en A Reboleira, Monseiro, Oleiros e Lama, Quintela e Vilaleo”** e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria

A convocatoria de axudas dirixida a actuacións de entidades públicas locais que teñan como finalidade a mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias; en concreto recolle a mellora dos accesos, e todas aquelas que contribúan a mellorar a calidade de vida dos habitantes dos núcleos rurais.

O acceso ós núcleos de poboación, materia esta na que o municipio pode exercer competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, según o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; preténdese pois a execución das obras descritas en ditos camiños mediante as solucións técnicas previstas no proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Don Marcos Vázquez Marey, comprendendo, segundo indica este, obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral.

Unha vez aprobado o proxecto de obras correspondente e realizada a implantación, xa que existe a dispoñibilidade dos terreos, achégase este a este expediente de contratación.

Visto que, dada a característica da obra, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto o informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que o informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que se aprobou, por acordo da xunta de goberno local do día 17 de xuño resolveuse iniciar o expediente para a dita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Vistos os antecedentes que constan na tramitación do expediente da axuda perante Agader.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda e no artigo 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto



Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

Tendo en conta o acordo de Xunta de Goberno Local de 17/06/2016, que resolveu aprobar o expediente de contratación e cursar invitacións para presentar ofertas ás seguintes empresas: Asogal Construcciones, SL, Portosar Galicia, SL; Goretty Loureiro López; Manuel Silva Díaz; Crescón 2000, SL; Construcciones Hermanos Blanco Trigo, SL.

Durante o prazo de quince días outorgado presentan ofertas: Asogal Construcciones, SL, Portosar Galicia, SL, Construcciones Hermanos Blanco Trigo, SL, e Jespa, SL., co seguinte resultado, segundo consta na acta de apertura das ofertas de 8 de xullo:

Oferta n.º 1º.- Asogal, SL

- Prezo: 86.800,00 euros máis IVE.
- Melloras: Primeira e segunda.
- Non ofrece ampliación prazo de garantía

Oferta N.º 2º.- Portosar Galicia, SL.

- Prezo: 87.000,00 euros máis IVE.
- Melloras: Non se ofertan.
- Non ofrece ampliación prazo de garantía

Oferta N.º 3º.- Jespa, SL

- Prezo: 86.388,29 euros máis IVE.
- Melloras: Primeira, segunda, terceira e cuarta.
- Ampliación prazo de garantía: 1 ano.

Oferta N.º 4º.- Construcciones Hermanos Blanco Trigo, SL

- Prezo: 87.260,90 euros máis IVE.
- Melloras: Primeira.
- Non ofrece ampliación prazo de garantía

Conferido un prazo de dous días hábiles ás empresas para realizar a fase de negociación segundo o establecido na cláusula 12ª do prego que rexe a contratación, no dito prazo consta que presentan nova proposta:

Asogal, SL.-

- Prezo: 82.900,00 euros máis IVE.
- Melloras: Primeira, segunda, terceira e cuarta.
- Prazo de garantía: 1 ano.

Jespa, SL.-

- Prezo: 85.238,29 euros máis IVE.
- Melloras: Primeira, segunda, terceira e cuarta.
- Prazo de garantía: 1 ano.

Tendo en conta os aspectos de negociación coas empresas, as ofertas presentadas, procede realizar unha proposta de adxudicación a favor de Asogal Construcciones, SL, logo de aplicar os criterios de adxudicación establecidos na cláusula 12ª:

Licitador	Melloras	Prezo	Prazo de garantía	Total
Asogal, SL	20	10	1	31
Jespa, SL	20	4,63	1	25,63
Cons Hnos Blanco Trigo, SL	5	0	0	5
Portosar Galicia, SL	0	0,59	0	0,59

Despois de examinar a documentación achegada e de acordo con esta e co establecido no artigo 151.3 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo señor alcalde con data 23 de xuño de 2011 (B.O.P. do 12 xullo de 2011), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación das obras de **Mellora e acondicionamento de camiños de acceso a fincas en A Reboleira, Monseiro, Oleiros e Lama, Quintela e Vilaleo** por procedemento negociado con publicidade,

Segundo.- Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

1ª-Asogal Construcciones, SL, Prezo: 82.900,00 euros máis 17.409,00 euros de IVE, melloras: primeira, segunda, terceira e cuarta, prazo de garantía 1 ano.

2ª-Jespa, SL, Prezo: 85.238,29 euros máis 17.900,04 euros de IVE, melloras: melloras: primeira, segunda, terceira e cuarta, prazo de garantía 1 ano

3ª-Construcciones Hnos Blanco Trigo, SL, Prezo: 87.260,90 euros máis 18.324,79 euros de IVE, melloras: primeira.

4ª-Portosar Galicia, SL, Prezo: 87.000 euros máis 18.270,00 euros de IVE.

Terceiro.- Notificar e requirir a D. José Luis Iglesias Castro, no nome e representación de ASOGAL CONSTRUCCIONES, SL,, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo de dez días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14

de novembro, **e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.**

Cuarto.- Despois de realizar os trámites anteriores, que Secretaría emita un informe-proposta e que se informe a esta Alcaldía para que poida resolver ao respecto.

#### **6.- Recoñecemento de trienios**

**6.1.-Solicitud de dona Olga Díaz Bolaño,** traballadora auxiliar de axuda no fogar, solicitando o recoñecemento do 2º trienio, xa que o 18-02-2016 cumpriu 6 anos de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude formulada recoñecendo o cumprimento do 2º trienio a favor de dona Olga Díaz Bolaño, con efectos administrativos desde 18 de febreiro de 2016 e económicos desde o 1 de marzo de 2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo encargado da confección de nóminas

#### **7º.-Ofertas aluguer vehículos brigadas de incendios.**

Punto 8º de autorización de gastos.

#### **8.- Autorización de gastos. Contratos menores**

##### **A.- Autorización de gastos.**

##### **A.1.- Subministración de sinalización vertical de A Pobra de San Xiao e Valdriz.**

Vista a memoria valorada para a colocación de sinalización vial vertical en A Pobra de San Xiao e Valdriz, redactada polo Arquitecto asesor municipal José Ángel López Pérez, cun orzamento de 11.233,05 € máis IVE

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de subministración.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Solicitar ofertas de Señalizaciones Setramur, SL; Barreras de Seguridad, SL; Señalizaciones Reboleira Negocios, S.L. e Lufisa Servicios, SL que deberá ser presentada con arranxo ás seguintes condicións:

a- A oferta económica deberá presentarse nun prazo de 8 días contados dende o seguinte á recepción desta invitación, no rexistro xeral do Concello, en sobre pechado, facendo constar que se trata de Oferta Económica para "Sinalización horizontal de A Pobra e Valdriz".

b- Establecer como único criterio de adxudicación o prezo, que será valorado ata 10 puntos, outorgando 10 puntos á proposición máis económica, e valorando as restantes segundo a seguinte fórmula:

$$P_i = P_{mxp} \times (\text{oferta máis económica} / \text{oferta a valorar})$$

Sendo:

$P_{mxp}$  = Puntuación máxima prevista para o prezo como criterio económico.

$P_i$  = Puntuación alcanzada pola proposición suxeita a valoración.

c- A empresa que realice a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar con carácter previo á realización do suministro que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o correspondente gasto por importe de 11.233,05 euros máis 2.358,94 de IVE con cargo á partida 454.619.02.

## **A.2.- Servizos de sinalización horizontal de A Pobra de San Xiao e Valdriz.**

Vista a memoria valorada para a realización do contrato de servizos consistente en sinalización horizontal en A Pobra de San Xiao e Valdriz, redactada polo Arquitecto asesor municipal José Ángel López Pérez, cun orzamento de 11.548,16 € máis IVE

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Solicitar ofertas de Señalizaciones Setramur, SL; Barreras de Seguridade, SL; Señalizaciones Reboleira Negocios, S.L. e Lufisa Servicios, SL, que deberá ser presentada con arranxo ás seguintes condicións:

a- A oferta económica deberá presentarse nun prazo de 8 días contados dende o seguinte á recepción desta invitación, no rexistro xeral do Concello, en sobre pechado, facendo constar que se trata de Oferta Económica para "Sinalización horizontal de A Pobra e Valdriz".

b- Establecer como criterios de adjudicación os seguintes:

b.1.- prezo, que será valorado ata 10 puntos, outorgando 10 puntos á proposición máis económica, e valorando as restantes segundo a seguinte fórmula:

$$P_i = P_{mxp} \times (\text{oferta máis económica} / \text{oferta a valorar})$$

Sendo:

$P_{mxp}$  = Puntuación máxima prevista para o prezo como criterio económico.

$P_i$  = Puntuación alcanzada pola proposición suxeita a valoración.

b.2.- Mellora consistente en limpar as superficies a pintar: 5 puntos.

c- A empresa que realice a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar con carácter previo á realización do suministro que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o correspondente gasto por importe de 11.548,16 euros máis 2.425,11 de IVE con cargo á partida 454.619.02.

#### **B.- Contratos menores.**

##### **B.1.- Contrato menor de servizos para aluguer de vehículo para a brigada de incendios.**

Vista a proposta da Alcaldía para a adjudicación do contrato para a realización do servizo de aluguer de vehículos para a brigada de incendios co que se achegan ofertas de Autos Iglesias, S.L., Servi Lugo S.L., José C Grande, CarFlex

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138 do real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adjudicar o contrato menor de servizos para o aluguer de dous vehículos para as brigadas de incendios a Autos Iglesias, S.L., no prezo establecido na proposta que se xunta de 830 € máis IVE cada un ao mes e 700 € de franquicia, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto.

##### **B.2.- Contrato menor de servizos para o recoñecemento médico e probas de esforzo físico para persoal de prevención e loita contra os incendios forestais.**

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato de referencia a don Miguel Angel Fernández López, médico col. nº 272703020, por ser a oferta económica máis favorable de tódalas consultadas.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos para recoñecemento médico e probas de esforzo físico para persoal de prevención e loita contra os incendios forestais no prezo de 900,00 euros para os primeiros 20 aspirantes e 25 euros/persoa por emisión de certificado, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á partida 172.221.

### **B.3.- Contrato menor de servizos para formación do persoal de prevención e loita contra os incendios forestais.**

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato de referencia a dona Raquel Rivas Fanego Enx.Tec.Forestal, Colx 349, por ser a oferta económica máis favorable de tódalas consultadas.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos para formación de persoal de prevención e loita contra os incendios forestais a dona Raquel Rivas Fanego, no prezo de 650,00 euros, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á partida 172.221.

### **B.4.- Proposta de alcaldía para a adxudicación por contrato menor das seguintes obras aprobadas por XGL 01/07/2016**

Logo de ver as memorias técnicas redactadas polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos Vázquez Marey

1.- "Mellora e Acondicionamento Tramo da Igrexa de Galegos dirección Asfarrapas", cun orzamento de 12.395,04 € máis 2.602,95 € de IVE.

2.- "Mellora no núcleo de Neira de Cabaleiros", cun orzamento de 2.488,52 € máis 522,58 € de IVE.

3.- "Mellora do camiño a Fondo de Vila", cun orzamento de 1924,24 € máis 404,08 € de IVE.

4.- "Mellora no camiño de Sta María de Lama" redactada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 1.368,50 € máis 287,38 € de IVE.

Propónse a súa adxudicación como contratos menores, de conformidade co disposto na vixente lexislación de contratos das administracións públicas. Non obstante, á vista do importe das obras, e do disposto na normativa reguladora en materia de contratación pública solicitaranse ofertas ao respecto. A adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con empresas en orde á adxudicación das obras.

AS EMPRESAS FORMULARÁN AS SÚAS PROPOSTAS PARA CADA UNHA DAS OBRAS CITADAS, PODENDO OFERTAR A UNHA SOA OU A TODAS ELAS DE UNHA EN UNHA, TODA VEZ QUE A VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN DE CADA OBRA FARASE INDIVIDUALMENTE.

A figura do contrato menor está definida polas contías (cando se trate de contratos de obras 50.000 euros) que sinala o art. 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que establece que os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Segundo prevé o art.111 TRLACSP

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, ...

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. ...."

No proxecto das obras, sinálase como como valor estimado dos contratos os importes de

1.- "Mellora e Acondionamento Tramo da Igrexa de Galegos dirección Asfarrapas", cun orzamento de 12.395,04 € máis 2.602,95 € de IVE.

2.- "Mellora no núcleo de Neira de Cabaleiros", cun orzamento de 2.488,52 € máis 522,58 € de IVE.

3.- "Mellora do camiño a Fondo de Vila", cun orzamento de 1924,24 € máis 404,08 € de IVE.

4.- "Mellora no camiño de Sta María de Lama" redactada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 1.368,50 € máis 287,38 € de IVE.

Entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas, en relación co importe do imposto sobre o valor engadido, debe indicarse como partida independente, de conformidade co disposto no art. 87 do Real Decreto lex. 3/2011 e modelo de oferta económica do presente prego

As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo ós seguintes criterios de adxudicación:

- Prezo: ata 10 puntos; As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outórgaselle a maior puntuación á empresa que mellor oferta realice, e aos restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres.

- Menor prazo de execución: ata 5 puntos. As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade inversa matemática, é dicir, outórgaselle a maior puntuación á empresa que menor prazo de execución ofrezca, e aos restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres

- Prazo de garantía e conservación da obra: ata 5 puntos. As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outórgaselle a maior puntuación á empresa que mellor prazo de garantía e conservación ofrezca, e aos restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres.

Na data na que se inicien os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa os carteis e sinais relacionados coa obra, para salvagardar a seguridade do tráfico de vehículos e persoas.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ós servizos técnicos municipais, que ditarán as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daqueles e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes. Non obstante, o Sr. Alcalde, poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno, ou ben encomendar estas funcións a técnicos designados polo concello.

Polo exposto, propónse

Solicitar ofertas económicas a Construcciones Ayán, SL; Crescon 2000, SL; Goretty Loureiro López, Antonio Fernández López con suxeición ás cláusulas que figuran como anexo I".

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación.



### **B.5.- Contrato menor de servizos para actividades de verán.**

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato de servizos para as actividades de verán coa que se achega a oferta económica de dona Katia Rodríguez Farelo, que inclúe persoal, seguros, materiais e xestión incluídos, polo prezo de 2.143,75 € máis IVE

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos para a realización de actividades de verán a dona Katia Rodríguez Farelo, no prezo de 2.143,75 euros máis IVE, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto.

### **9.- Ahesión ao convenio de colaboración adecuación dos sistemas de información aos requirimentos da Lei 39/2015 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público para o ano 2016.**

Visto a comunicación da Deputación provincial de Lugo de proposta de adhesión deste Concello ao Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo, para o financiamento da adecuación dos sistema de información aos requirimentos das Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

Na dita comunicación fíxase unha cantidade máxima para este Concello que se cifra en 4.514,93 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a adhesión ó Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Láncara, para o financiamento da adecuación dos sistema de información aos requirimentos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administración públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público, promovido pola Deputación Provincial de Lugo.

Segundo.- Dar traslado deste acordo de solicitude de adhesión á Deputación provincial de Lugo.

## **10.- Informe nas Actuacións previas AP 86/16 da Axencia Galega de Infraestruturas Servizo Provincial de Lugo**

Visto o escrito da Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial de Lugo, no que se manifesta a realización de obras na zona de dominio público da estrada LU-621, afectando á beiravía e o carril de circulación, sen autorización dese Servizo Provincial, no punto quilométrico 0+000 da dita estrada, marxe esquerda e zona de dominio público, feitos que incumpren o disposto no artigo 47 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Segundo informa o encargado do servizo, con data 3 de xullo (domingo) prodúcese unha avaría do servizo de abastecemento de auga na rede principal da rúa Benigno Quiroga esquina con avenida de Valdriz deste termo municipal, sendo necesario intervir na beirarrúa para reparar a avaría do servizo de abastecemento de auga, servizo mínimo obrigatorio e esencial de todos os municipios (Lei 7/1985, reguladora das Bases de réxime local e Lei 5/1997, de Administración local de Galicia).

Tras os traballos de reparación da avaría, realizouse a reposición da beirarrúa e beiravía ó seu estado orixinario.

Sendo certo á obrigatoriedade de contar coa autorización da administración titular da estrada, tamén é certo que é de primeira necesidade abastecer de auga á poboación e urxente a reparación das avarías producidas nos servizos esenciais á comunidade

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dar traslado deste acordo xunto co informe do encargado do servizo de augas deste Concello á Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial de Lugo, solicitando o arquivo das actuacións AP 86/16, por non constituir os feitos obxecto de informe unha infracción da LEG, toda vez que non se teñen realizado obras sen autorización, consistindo a intervención do Concello nunha reparación dunha avaría de auga producida en fin de semana.

### **11.- Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.**

Logo de ver as seguintes facturas:

**11.1.- Intermax Technology SL**, fac. Nº 6144, internet escolas, 196,02 €.

**11.2.- Foga**, fac. nº 35003286, fotocopias xuño, 882,85 €.

**11.3.- Supervisión e Control S.A.**, fac. nº 159916000001629, ITV vehículo: 5744GWT, 46,35 €.

**11.4.- Overlease,** fac. nº V216023289, aluguer batería vehículo, xullo, 118,42 €.

**11.5.- Sociedade Galega Do Medio Ambiente,S.A.,** fac. nº 1770, tratamento RU xuño, 6.723,24 €.

**11.6.- Orona, S.Coop.,** fac. nº 1604205385, mantemento elevador, 01-07-2016 a 30-09-2016, 290,40 €.

**11.7.- Servital Servicios Sociosanitarios,S.L,** fac. nº 5378, servizos axuda a domicilio, dependencia xuño, 1498,63 €

**11.8.- Servital Servicios Sociosanitarios,S L,**fac. nº 5377, servizos axuda a domicilio, libre concurrencia, xuño, 496,54 €

**11.9.- Progreso,** fac. nº 3-21825, periódicos xuño, 281,79 €.

**11.10.- Electro Sarria, SLL,** fac. nº F16/145, mantemento alumeados públicos maio, 768,51 €

**11.11.- José Manuel Fernández López,** actividades mes de xuño kung fu wu shu, 272,25 €

**11.12.- Sociedade Estatal Correos e Telégrafos S.A.,** fac. nº 4001814626, correspondencia xuño, 144,87 €

**11.13.- Club Sarria X.R.,** fac. Nº 3/15-16, ximnasia rítmica 3º trimestre, 1.161,6 €

**11.14.- Limpergal, S.L.,** limpeza dependencias municipais, polideportivo, polifuncional, serv. campo da feira e pista pádel ,xuño, 845,43 €

**11.15.-José Ángel López Pérez,** fac. nº 013, servizos asistencia técnica, xuño, 1.210,00 €

**11.16.-Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S,A,** fac. nº 4001798610, pago franqueo correspondencia mes de maio, 73,09 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

## **12.-Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.**

Logo de ver as seguintes facturas:

**12.1.- Kleer-Kim SAL,** fac. 1946, herbicidas, 411,40 €

**12.2.- Mª Carmen López López,** FAC. Nº 39, material tarxeteiro e tisoira, 15,00 €.

**12.3.- Bilbao Cia Anma de Seguros,** fac. nº APSB000201600001123, seguro motobomba, 854,14 €

**12.4.- Arturo Rivera Díaz,** fac. nº 106, material para suministro de agua, 524,60 €

**12.5.- Canteras de Muro, S.L.,** fac. nº 659, AF-T-O/2-g, para club fluvial, 452,70 €

**12.6.- Canteras de Muro, S.L.,** fac. nº 658, AF-T-O/4-G-L, para club fluvial de Pobra de San Xiao, 1186,13 €

**12.7.- Comercial Castrelo,** fac. nº A/73, grasa desbrozadoras, 24,78 €.

**12.8.- Miguel Díaz Abad, Neumáticos Sarria,** fac. nº A/665, rodas para o vehículo LU-9006-P, 189,99 €

**12.9.- Moleskine,S.L.,** fac. nº 1772, camisetas socorrista, 84,70 €.

**12.10.- Saturnino Porto López,** fac. nº 00103-16, traballos vehículo Lu-103396-VE, 1.625,36 €.

**12.11.- Saturnino Porto López,** fac. nº 00120-16, aceite e filtro para o vehículo Lu-103396-V, 339,03 €

**12.12.- Saturnino Porto López,** fac. nº 00160-16, tornillo e man de obra desbrozadora, 57,72 €

**12.13.- Saturnino Porto López,** fac. nº 00155-16, man de obra desbrozadora, 38,72 €.

**12.14.- José Manuel Núñez Fernández,** fac. nº 003, actuación duo musical, 665,50 €.

**12.15.- David López López,** fac. nº B/24, arranxo desbrozadora manual, 85,51 €

**12.16.- David López López,** fac. nº A/98, pantalla prof. pezas para desbrozadora manual, 13,20 €

**12.17.- José Manuel Prado Blanco, El Edén del Pladar,** fac. nº 623, caramelos e piruletas, 1015,74 €.

**12.18.- Riego Logística, S.L.,** fac. nº 0260378, palets madeira, 274,56 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

### **13.- Asuntos de urxencia.**

Sometido a votación o citado asunto que non vai na orde do día, toda vez que tivo entrada hoxe mesmo no rexistro do Concello, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, presta aprobación á urxencia da inclusión deste asunto na orde do día da convocatoria.

**13.1.-Ahesión ao convenio de colaboración tipo entre a Excma. Deputación provincial de lugo o Concello de Láncara, para o financiamento do servizo de axuda no fogar para persoas que non teñen recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 37/2006, do 14 de decembro, de promoción**

**da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia para o ano 2016.**

Vista a comunicación da Deputación Provincial de Lugo de proposta de adhesión ao Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo o Concello de Láncara, para o financiamento do servizo de axuda no fogar para persoas que non teñen recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 37/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia para o ano 2016.

Na dita comunicación fíxase unha cantidade máxima para este Concello que se cifra en 22.381,37 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a adhesión ó Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Láncara, para o financiamento do servizo de axuda no fogar para persoas que non teñen recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 37/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia para o ano 2016, promovido pola Deputación Provincial de Lugo.

Segundo.- Dar traslado deste acordo de solicitude de adhesión á Deputación provincial de Lugo.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, extendéndose a presente acta que como Secretaria, certifico.